

1. Comente os documentos atendendo ás seguintes cuestións:


a) Identifique o documento e complete os recadros de cada imaxe cas formas de modelado observadas, indicando o dominio ao que pretence cada unha.

b) Características do rochedo predominante e do tipo de modelado.

c) Exemplos das formas de modelado correspondentes a cada área litolóxica. Explica.

a) Identifique o documento e complete os recadros de cada imaxe cas formas de modelado observadas, indicando o dominio ao que pretence cada unha.

Bloques diagrama que mostran un esquema idealizado das formas de modelado dos diferentes dominios litolóxicos.



Modelado cárstico

b) Características do rochedo predominante e do tipo de modelado.

As **rochas calcarias** son un grupo de rochas sedimentarias (formadas pola acumulación de sedimentos) como a **caliza**, a **dolomita** e a **marga** (que contén arxilas). A **rocha predominante** desta área é a **caliza**.

Foron sedimentadas durante o **Mesozoico e comezos do Terciario** nas áreas do oriente peninsular afectadas polas transgresións mariñas. **Procedente** de fragmentos de rochas ou de organismos preexistentes.

A caliza é unha rocha **dura e permeable** que, como resultado da súa **disolución en contacto coa auga** (o anhídrido carbónico contido na auga orixina ácido carbónico que dissolve as rochas carbonatadas) dá lugar ao **modelado cárstico** (montañas de Karst, en Eslovenia).

c) Exemplos das formas de modelado correspondentes a cada área litolóxica. Explica.

O relevo kárstico é un relevo complexo que inclúe **diversas formas**:

Lapiáz ou lenar: superficie formada por surcos ou acanaladuras, creada pola auga de escorrentía.

Canón, garganta ou fouce, val estreito e profundos de flancos verticais labrado por un río.

Simas: embudes, aberturas estreitas, que comunican a superficie con galerías subterráneas. As simas poden dar lugar a **covas** con **estalactitas** e **estalagmitas**.

Dolinas ou torcas: depresións pechadas, formadas en superficie, de silueta ovalada e contornos sinuosos. Varias dolinas forman unha **uvala**, de trazado máis complexo.

Poljé: val pechado de fondo plano, percorrido por un regato que se perde por un **sumidoiro** (punto de absorción). As terras do poljé son ricas, ideais para o cultivo e poden inundarse (lagos).